



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
I.E.S. ADORMIDERAS

Juan Sebastián Elcano, 28 15002 A Coruña.
Teléfono: 981220512. Fax: 981222939

<http://www.edu.aytolacoruna.es/centros/iesadormideras>

INFORMACIÓN E NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

- **É obrigatorio ser puntual** na entrada ás clases
- **Gardas:** se o profesor da materia está ausente, **sempre hai que esperar ao profesor de garda** diante da clase.
- No caso de ausencia dun profesor a 1º hora ou á última da mañá ou da tarde, permitírase aos alumnos de 3º, 4º de ESO e de Bacharelato chegar a segunda hora ou ausentarse do centro, sempre que os alumnos sexan avisados polo profesor de garda ou por algún membro do equipo directivo. **Os alumnos de 1º e 2º da ESO deben traer autorización dos pais.**
- **Non está permitido subir no ascensor.** Se se precisa facelo por prescripción médica, hai que ter un carné especial que se solicitará na xefatura de estudos.
- Coidarase a hixiene persoal de tódolos membros da comunidade escolar.
- Na **Biblioteca non se pode comer**, debéndose gardar aínda maior corrección que noutras dependencias do Centro: manterase **silencio** para facilitar o ambiente propicio de estudo.
- **A asistencia a clase é totalmente obrigatoria** en tódolos niveis. A xustificación por escrito das faltas de asistencia débense entregar ao titor no prazo máximo de 3 días. Os xustificantes irán asinados polo pai, nai ou titor legal. A consideración das faltas de asistencia como xustificadas ou non compete exclusivamente ao titor do grupo, independentemente da xustificación documental ou familiar que teña aportado o alumno. As faltas debidas a mobilizacións ou folgas dos alumnos considéranse faltas sen xustificar. A ausencia a un exame só se pode xustificar con certificado médico. **As 20 faltas non xustificadas tense un apercibimento. Ao terceiro, pérdese a escolaridade.**
- **Amoestacións:** É imprescindible ter un comportamento correcto, é dicir, respectar tódalas normas de convivencia do centro, respectar a toda a comunidade escolar: compañeiros, profesores..., traer o material a clase, realizar as tarefas segundo as directrices do profesorado...
- A **asistencia ás actividades complementarias** propostas polos departamentos **son obrigatorias**. A ausencia a actividade supón faltas de asistencia á clase.
- **Non está permitido fumar** en ningún lugar do recinto escolar. (Lémbrese que recinto escolar é tamén o patio e as escaleiras da entrada).
- **Recreos:** os alumnos de **1º e 2º ESO non poden saír do recinto do instituto**. Sempre hai un profesor de garda na hora dos recreos.
- **Taquillas:** hai que comprar un candado grosso para a taquilla asignada. É necesario facerse responsables da taquilla, mantela limpa por dentro e por fóra e non ter obxectos de valor nela.
- **Non se poden ter móbiles, mp3..., encendidos nas clases.**
- Lembrade que hai un departamento de orientación que vos pode asesorar en calquera problema académico ou de orientación estudiantil.



CONSELLERIA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

I.E.S. ADORMIDERAS

Juan Sebastián Elcano, 28 15002 A Coruña.

Teléfono: 981220512. Fax: 981222939

<http://www.edu.aytolacoruna.es/centros/iesadormideras>